



A Coruña das Mulleres


No 90 aniversario do Golpe de Estado lembramos as mulleres represaliadas polo franquismo

MARZO 2026.
Edita: AC Alexandre Bóveda
no seu 50 aniversario.

AGRUACIÓN CULTURAL
ALEXANDRE BÓVEDA



1936 O Golpe de Estado fixo saltar polo aire a vida de miles de mulleres. A educación, a cultura, o pensamento, o sentimento, a liberdade, a palabra, todas foron silenciadas e con elas, as mulleres. No **90 aniversario dese crime** contra a democracia homenaxearemos con esta publicación a algunhas das mulleres represaliadas polo franquismo.



Non Calarás!

O proxecto da ACAB que rescata as loitas das mulleres traballadoras da Coruña, premiado coa distinción Luísa Villalta 2024.



Mulleres da Coruña

Nove historias de mulleres que resistiron, crearon e loitaron nunha cidade que tardou demasiado en nomealas.



As mulleres punta de lanza

Das revoltas do millo ás lavandeiras en folga: a historia laboral da Coruña non se entende sen elas.



A Coruña das Mulleres

A web que devolve á cidade a memoria das mulleres que a construíron, paso a paso, rúa a rúa.



Montse Fajardo


xornalista e investigadora especializada na memoria histórica, abre este número cun texto sobre a represión franquista contra as mulleres, o silencio imposto ás viúvas e o cárcere moral en que o réxime converteu tantas vidas. **PORQUE A HISTORIA ESTÁ INCOMPLETA SE NON AS CONTAMOS A TODAS.**



A CADA UNHA E A TODAS

“Xunto ás que pagaron máis cara a intolerancia dos vencedores estaban o resto, vítimas tamén desa ditadura que furtou ás mulleres o dereito a ser cidadás”

Falar da represión contra as mulleres é unha obriga se realmente se quere afondar no coñecemento das vítimas da barbarie franquista na Coruña. Porque aínda que eles foron maioría no paredón, no cárcere ou no exilio, a historia está incompleta se non contamos o asasinato da bibliotecaria Juana Capdevielle ou da mestra Concepción González Mosquera; se silenciámos a pena de vinte anos imposta a Basilisa Álvarez a Corales e a Teresa Novelle por ser solidarias cos compañeiros perseguidos; ou se obviamos as torturas que non puideron dobregar a loita eterna da



Álbum Galicia Mártir, Castelao

anarquista Joaquina Dorado Pita. O relato fica a medias sen o exilio de María Miramontes e Amparo López Jean, e a cuartos se ademais obvia o limiar da súa loita nas Escolas do Insiño Galego ou o Partigo Galeguista.

Non hai memoria completa se contamos a Camilo Díaz Baliño co trazo de brocha gorda que tapa o silencio de Antonia Pardo. Contaba Isaac que desde o mesmo día que quedara viúva, a súa nai nunca volvera ser quen era. Porque xunto á represión obvia que deixou o pai nunha cuneta de Saa, está esoutra: a que enmudeceu as viúvas, obrigadas a seguir adiante compartindo rúa, cidade, aire cos represores, e cargando cos anacos da vida tronzada que tiñan que ter vivido cos seus, mais o peso dos berros, as bágoas e o dó que non lles deixaron verter. Con iso había que seguir tirando nun esforzo titánico por sacar adiante a semente dos que xa non estaban, marcada para sempre como cáscara amarga.

Canto lles tería gustado a moitas desas mulleres ser invisíbeis para non ser sacadas de noite da casa e violentadas ata a tolemia polos novos amos das vidas, mais deben deixar de selo para a Historia. Cada Coralia, cada Maruxa ancorada no anonimato merece o noso recoñecemento. Merecen todas. Por que xunto ás que pagaron máis cara

a intolerancia dos vencedores estaban o resto, vítimas tamén, aínda que doutro xeito, desa ditadura que furtou ás mulleres o dereito a ser cidadás do que si gozaban eles.

O franquismo eliminou os pioneiros logros republicanos e legislou para converter o país nunha grande cela na que pechallas a todas. A primeira volta de chave chegou xa o 12 de marzo de 1938, cando aínda pendentes de gañar a guerra, eliminaron a Constitución de 1931 para regresar ao misóxino código napoleónico, logo refrendado no Código Penal de 1944. Mulleres e homes deixaron de ser iguais, e tampouco había iguais dereitos para cónxuxes. A lei estableceu que a esposa tiña que obedecer o marido, e este tutelala igual que se fose menor de idade ou tivese algunha grave discapacidade física ou mental. O maior exemplo dese cárcere en que se converteu o matrimonio foi a licencia marital. A muller casada precisaba de permiso masculino para traballar, para conducir, para ser testemuña dun xuízo e ata para dispoñer dos seus propios cartos.

O home era dono de todo, ata do outro corpo. Por iso volveu ser delito o adulterio feminino e, ata 1963, a lei amparou a quen asasinaba a esposa adúltera e o seu amante. Chamábase uxoricidio por honor e a única pena que levaba aparelhada era a de desterro. Nin iso, se a malleira, por dura que fose, non a levaba por diante.

A condena do altar era ademais eterna, eliminada a lei do divorcio que si avalaran as cortes republicanas. O que



Cedida por A memoria das mulleres do Concello de Pontevedra

o franquismo unía non o debía separar o home, e a muller moito menos. Para ela ficaron pechadas todas as portas, ata as da escola. Adeus ás clases para ricas e pobres que auspiciaran as mestras republicanas. Prohibiuse a coeducación e fixouse para as aulas femininas nocións destinadas a formar “BOAS PATRIOTAS, BOAS CRISTIÁS E BOAS ESPOSAS”. As leis consagraron o deber maternal de coidar a descendencia mais furtáronlles ás parturientes a patria potestade e ata podían os esposos dar fillas e fillos en adopción sen consultalo con elas. As mulleres ficaron invisíbeis para os dereitos pero non poden seguilo sendo para a historia. É hora de lembrar o padecido por todas: polas represaliadas con nome e apelidos e polas anónimas desa cárcere en que o franquismo converteu tantas vidas.

NON CALARÁS

A Coruña recupera a memoria da súa rebeldía feminina

A Agrupación Cultural Alexandre Bóveda pon luz sobre décadas de silencio cun proxecto que rescata as loitas das mulleres que sostiveron a cidade. Tras recibir o Premio Luísa Villalta, a iniciativa desprégase en rúas, aulas e arquivos para demostrar que a historia herculina tamén se escribe en feminino.

A historia, decote, escribiuse con ausencias premeditadas. Un relato de voces afogadas onde o papel das mulleres foi sistematicamente relegado á néboa do esquecemento. Pero a memoria ten a teima de abrirse paso, insistente, como unha herba que fende o asfalto. Baixo esta premisa naceu “Non Calarás!”, o proxecto da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda (ACAB) que foi distinguido pola Área de Igualdade da Deputación da Coruña co Premio Luísa Villalta a Proxectos pola Igualdade en decembro de 2024.

Non se trata só dunha investigación histórica; é unha declaración de intencións. A iniciativa busca poñer en valor o protagonismo das mulleres no movemento obreiro, asociativo e nas reivindicacións de melloras sociais e laborais ao longo do século XX. É un recoñecemento a aquelas que, lonxe de quedar caladas, teceron redes de apoio e empoderamento cando o sistema lles esixía docilidade. A ACAB leva varios anos construíndo este relato colectivo desde a web “A Coruña das Mulleres” (acorunhadasmulleres.gal), un arquivo vivo da memoria feminina da cidade.



Unha xenealoxía de forza

O proxecto rescata unha ducia de historias de “rebeldía galega” nunha publicación descargable en PDF desde esa mesma web. Son relatos de colectivos que converteron a loita polos dereitos nun motor de vida: as lavandeiras expulsadas do centro pola presión das elites, as cigarreiras coa súa lendaria capacidade de organización, as costureiras en folga e as peixeiras que boicoteaban impostos inxustos. A investigación apoiouse en fondos documentais e fotográficos do Arquivo Municipal da Coruña, do Arquivo do Reino de Galicia e da RAG, así como en fotografías de Xosé Castro e Fernando Blanco.

A lista de referentes é longa e necesaria: as chabonas, as labregas, as mandadeiras, as integrantes de El Progreso Femenino ou as galegas en Cuba de Hijas de Galicia. Como sinala o proxecto, estas mulleres non só resistiron, senón que crearon espazos de dignidade e de xustiza fronte a un sistema que lles negaba dereitos.

A historia toma a rúa

Para que este relato non quede pechado en andeis, a ACAB deseñou unha potente estratexia de divulgación entre decembro de 2024 e o primeiro trimestre de 2025. Unha das accións máis visibles foi a exposición na Mariña, onde 24 lonas de gran formato, instaladas xunto á sede da Autoridade Portuaria, ilustraron eses oficios e loitas do primeiro terzo do século XX. O lugar non foi casual: o espazo portuario foi o centro neuráxico do traballo de moitas destas mulleres, desde cargadoras de carbón ata empacadoras e peixeiras.


O impacto educativo tamén foi clave, con presentacións en facultades da UDC e institutos como o de Zalaeta ou o Neira Vilas de Perillo, chegando a centos de estudantes e docentes en espazos de diálogo interxeracional sobre a necesidade de recuperar esta historia.

Roteiro de identidade

O cumio destas accións viviuse o 8 de marzo do ano pasado cun roteiro pola Pescaría que congregou a unhas 150 persoas.

Partindo das antigas Escolas da Garda ata a Praza dos Ovos, a música de gaitas e as representacións teatrais de Noite Bohemia serviron para lembrar que a revolta non é allea á existencia feminina. Como resumía Trinidad Gallego no documental “Las Sinsombrero”: “o das mulleres ten que quedar escrito para a historia... porque o dos homes escribiuse sempre”.

Con “Non Calarás!”, a Coruña comeza a saldar esa débeda: malia os intentos por silencialas, as mulleres sempre estiveron nas loitas sociais, seguirán.



MULLERES DA CORUÑA: MEMORIA E REBELDÍA

01/ MARÍA MIRAMONTES (1895-1964)

Nacida en Bergondo en 1895, chegou á Coruña con once anos para aprender o oficio de modista. Aquí mergullouse no galeguismo, militou nas Irmandades da Fala e casou con Ánxel Casal. Xuntos sostiveron a editorial Nós, a editorial Lar e as Escolas do Insiño Galego, con ensino bilingüe e laico para a clase popular. O 15 de xullo de 1936 foi a única muller na entrega histórica do Estatuto de Galicia ao Parlamento. O golpe franquista destrozouno todo: Ánxel Casal foi asasinado en agosto. María partiu cara a Bos Aires. O silencio inxusto fixo dela unha das mulleres máis esquecidas da historia galega.




02/ AS MAPOULAS LIBERTARIAS

As Mapoulas foron as mulleres libertarias da Coruña vinculadas á CNT, á FAI e a Vanguardia Femenina, motor da resistencia antifascista no barrio das Atochas. Tras o golpe de 1936 organizaron casas refuxio para agochar militantes, nodos de coordinación das fuxidas á fronte asturiana ou cara ao exilio. Aproveitaron o papel de "alleas á política" para soste a loita na sombra. Entre elas, María Otero, Alicia Dorado, Basilia Álvarez "A Corales" ou Sebastiana Vitales "A Bastiana". En xullo de 1937 sufriron cercos e asaltos, con mortes e duras condenas de cárcere. Son símbolo da resistencia popular.



03/ AS MESTRAS REPRESARIADAS

En xullo de 1936 había 918 mestras nas escolas públicas da provincia da Coruña. A ditadura franquista someteu a 116 delas a expedientes de depuración: 19 foron separadas definitivamente do ensino. Dúas, Mercedes Romero Abella e María Vázquez Suárez, foron asasinadas. Os cargos imputados revelan a crueldade do réxime: pertencer á Agrupación Republicana Feminina, defender a igualdade de nenas e nenos ou simplemente "ser de ideas avanzadas". Entre as sancionadas no concello coruñés estaban María Barbeito, Carmen Parga e Elvira Bao: mulleres que pagaron caro o enorme delito de educar en liberdade.



04/ MARI LUZ MORALES (1898-1980)

Nacida na Coruña en 1898, Mari Luz Morales foi xornalista, escritora, crítica de cinema e a primeira muller que dirixiu un xornal no Estado español: La Vanguardia de Barcelona. Traballou na redacción cando ningunha outra muller o facía, defendeu o dereito do neno a aprender na súa lingua materna, e escribiu sobre as grandes mulleres galegas. Tras o golpe militar foi encarcerada e inhabilitada para exercer a profesión. Seguiu escribindo baixo pseudónimo. Só coa morte de Franco recuperou o carné de xornalista. Finou en Barcelona en 1980, símbolo de resistencia intelectual e compromiso feminista.



05/ MERCEDES NÚÑEZ (1911-1986)

De Barcelona de nacemento e Bergondo de raíces, Mercedes Núñez militou nas Xuventudes Socialistas e no PSUC. En 1939 foi detida na rúa Real da Coruña e ingresou no penal madrileño de Ventas. Tras fuxir a Francia foi deportada ao campo de concentración de Ravensbrück, onde sobreviviu sabotando a produción de armamento nazi. Da súa terrible experiencia deixou dous libros fundamentais para a literatura memorialística: Els carretó dels gossos e Cárcere de Ventas. Regresou a Galiza coa morte de Franco e morreu en Vigo en 1986, sempre loitando para que se recoñecese a memoria dos encarcerados en campos de concentración nazis.



06/ JOANA CAPDEVIELLE (1905-1936)

Joana Capdevielle San Martín, arquivista, pedagoga e intelectual, estudou Filosofía e Letras en Madrid e ingresou no corpo de Arquivistas e Bibliotecarios. En 1936 casou polo civil con Francisco Pérez Carballo, nomeado gobernador civil da Coruña, e trasladouse a Galiza. Tras o golpe do 18 de xullo permaneceu ao seu carón ata o último momento. Francisco foi fusilado o 24 de xullo. Ela foi detida, liberada e logo refuxiada en Culleredo, mais o 18 de agosto foi detida de novo, violada e asasinada. O corpo apareceu ao día seguinte nunha gabiá de Rábade. A biblioteca central da UDC leva o seu nome.



07/ SYRA ALONSO (1899-1970)

Syra Alonso, escritora coruñesa nacida en 1899, viviu as viaxes da arte dos felices anos vinte: Cuba, México, París, Madrid. O 3 de agosto de 1936 detiveron o seu home, o pintor Francisco Miguel na Casa da Felicidade que ambos compartían en Santa Cruz. O corpo do artista apareceu no camiño de Queo en Carballo. Syra deixou testemuña do acontecido nos seus Diarios (Tordoia, 1938 Actopán, 1945) publicados en galego en 2000. Son o primeiro testemuño feminino do xenocidio galego de 1936. "O que máis glorifica a Galiza é o valor das súas mulleres", deixou escrito.



08/ MARÍA CASARES (1922-1996)

Nacida na rúa Panadeiras da Coruña en 1922, María Casares converteuse nunha das grandes actrices do teatro e o cine francés do século XX. Filla do político Santiago Casares Quiroga, o golpe do 36 obrigouna ao exilio en París, onde construíu unha carreira brillante. Foi compañeira de Albert Camus e participou activa da Resistencia francesa contra a ocupación nazi. Rexeitou a oferta franquista de regresar como estrela do réxime. Foi premiada coa Légion d'honneur francesa, a Medalla Castelao e declarada filla predilecta da Coruña. Os premios de teatro galego levan o seu nome. Morreu en Francia en 1996.



AS MULLERES PUNTA DE LANZA

NA DEFENSA DOS DEREITOS DA CLASE TRABALLADORA

A presenza das mulleres nas loitas sociais e laborais coruñesas é tan antiga como a propia cidade. Xa en 1847 e 1886, as revoltas do millo protagonízanas elas. En xaneiro de 1918, centos de mulleres asaltan peiraos e almacéns para repartir alimentos entre a poboación famenta, rexeitando aos homes con berros de «Fóra! Aquí bastamos nós!». A Fábrica de Tabacos da Palloza daba traballo a arredor de 4.000 cigarreiras, nunha cidade de menos de 30.000 habitantes: un poder que usaron para ir á folga en 1831 e en 1857. As lavandeiras, en 1907, organizáronse no sindicato anarquista La Heterógena e van á folga por dúas semanas para conseguir tarifas xustas. Non son accións espontáneas, son rabia xusta. Mulleres humildes, sen nome nas hemerotecas, que souberon que unidas podían dobrar o poder. A historia laboral da Coruña non se entende sen elas.



AS CHAMBONAS


As chambonas foron un dos colectivos laborais máis característicos da Coruña. Mulleres que compraban, vendían e trocaban mobles, roupas e obxectos de segunda man, primeiro nos arcóns do Campo da Leña e despois en Orillamar. Como Els Encants de Barcelona, o Rastro de Madrid ou o Mercado das Pulgas de París, conformaban un tecido comercial popular e imprescindible.

A súa actividade era tamén precaria: ao mercar sen coñecer sempre a orixe dos obxectos, podían verse implicadas en roubos con graves consecuencias. O golpe franquista empeorou a súa situación. O Arquivo Municipal recolle, na publicación O traballo visible das coruñesas (2009), como lles foron revogadas as licenzas por motivos como "ser afecta al Frente Popular" ou ter "ideas extremistas". Mulleres humildes que perderon o único sustento propio e familiar por delitos de conciencia.



AS MULLERES MURO

No verán de 1936, tras o golpe fascista, os asasinatos cometíanse de noite: sacaban presos do cárcere da Coruña e aparecían mortos ao amencer no Campo da Rata ou nas estradas. Un grupo de mulleres, nais, esposas e fillas de prisioneiros, fixo do seu corpo un muro de resistencia. Día e noite, diante do cárcere, formaban un parapeto humano. Cando algunha era golpeada ou arrastrada, outra viña ocupar o seu lugar. Syra Alonso recolleuno nos seus Diarios: "Acordaron non separarse nin de día nin de noite das portas do cárcere. Antes a morte que deixar saír aos homes!". Luís Seoane, baixo o pseudónimo Jean Flory, tamén o testemuñou en La Galice sous la botte de Franco (París, 1938), titulando este episodio "As mulleres fronte o cárcere". Sen ningún nome oficial, estas mulleres son hoxe símbolo da resistencia colectiva ante a barbarie franquista.



Peza escultórica de Pepe Galán.

AGRUPACIÓN REPUBLICANA FEMININA

O 13 de abril de 1933 constituíuse na Coruña a Agrupación Republicana Feminina, espazo común das mulleres galeguistas e republicanas. Presidida por Elvira Bao, a directiva incluía a Amparo López Jean, María Barbeito e outras activistas comprometidas coa igualdade e a cultura. Con local na rúa García Hernández (hoxe Santo André), organizaba conferencias, actividades culturais e participaba na vida política coruñesa. A conferencia de María Barbeito foi un dos actos máis senlleiros da Agrupación: "Estábamos alejadas de la mayor parte de los derechos de ciudadanía y no exentas sin embargo de ningún deber". Paradoxalmente, aquel discurso formaría parte do prego de cargos que a Comisión depuradora utilizaría para expulsala do ensino. Moitas das súas socias pagarían moi caro defender o dereito das mulleres á educación, á cidadanía e á igualdade.



BIOGRAFÍAS

MERCEDES ROMERO ABELLA



Nacida en Cee en 1907, Mercedes Romero Abella chegou á Coruña con quince anos para ser mestra. Exerceu en Lugo e Abegondo ata ser destinada á escola de nenas de Monelos, onde vivía coa familia. O seu home, Francisco Mazariegos, dirixente da UXT, foi condenado ao cárcere en 1935. Mercedes sostivo soa á familia e actuou como apoderada da Fronte Popular nas eleccións de 1936.

Coa vitoria, chegou a amnistía e Francisco foi liberado. Mais cinco meses despois chegou o golpe. Francisco foi fusilado en Punta Herminia o 31 de agosto. Mercedes tentou exiliarse cos seus fillos, mais foi detida. O 19 de novembro de 1936 foi violada, mutilada e asasinada no pozo da Ponte da Castellana. Soterrada en Vilarraso, foi inscrita como "Descoñecida nº 21", cun lapis e un carbón no peto: as ferramentas da mestra.

MARÍA VÁZQUEZ

María Vázquez Suárez naceu en Santiago en 1894. Formada na Coruña, exerceu de mestra en Pobra do Caramiñal e Miño. Nesta localidade levou as alumnas a Carral a homenaxear os Mártires, afiliouse ao PSOE e á Asociación de Traballadores do Ensino, e formou parte da Agrupación Republicana de Mulleres con Elvira Bao e María Barbeito. Socialismo, laicismo, feminismo e galeguismo eran as súas coordenadas.

O 18 de agosto de 1936 comunicáronlle a destitución no cárcere de Pontedeume. O día seguinte foron por ela falanxistas e a Garda Civil, levárona a Miño e alí matárona na praia de Bañobre. O cadáver apareceu o día 20. Catro anos despois de tela asasinado o réxime ratificou condeza contra a súa memoria abríndolle un expediente de depuración do Maxisterio. O informe do párroco é antolóxico: "las alumnas que ha tenido llevan en su frente el estigma rojo, que únicamente les desaparecerá con la muerte".



IRMÁS CARRÉ

Pilar (1921) e May (1922) Carré, netas do galeguista Uxío Carré Aldao —fundador da Real Academia Galega e alma da Cova Céltica—, foron educadas para valerse por si mesmas grazas á cultura.

O franquismo pechou as portas, pero ambas atoparon na novela rosa un xeito de vivir da escrita. Pilar publicou máis de 90 novelas entre 1945 e 1974, asinando como Joanna M. Ribes, despois de estudar Maxisterio. May, a máis prolífica, superou as 145 novelas entre 1943 e 1991, traducidas ao portugués, ao italiano e distribuídas por Hispanoamérica e Filipinas. Colaborou ademais no Consultorio da Señorita Elena Francis. As dúas souberon converter a escrita nun oficio cando ningunha porta estaba aberta para as mulleres, unindo a herdanza intelectual da Cova Céltica coa supervivencia creativa baixo a ditadura.



POR UN RUEIRO EN FEMININO

Editorial

Sento na cadeira e tecleo "A Coruña das Mulleres". O buscador lévame a unha páxina que produce orgullo: 119 nomes de mulleres, 119 historias. Algunhas coñecidas, outras menos, pero neste espazo recupéranse vidas para que poidamos poñer nome e rostro a cada unha delas.

Non sempre é doado poñerse no seu lugar, mais cando miras para os seus ollos, familiarízaste coa súa cara e comezan a formar parte da túa vida. Foron todas mulleres que existiron, que deixaron a súa pegada, con valor, con sentimentos, con pensamento libre. Algunhas silenciadas pola historia

pero non pola memoria; mulleres con ansias de vivir coma min ou coma ti.

A web recórdanos tamén que a cidade aínda ten débedas pendentes. Catorce rúas da Coruña seguen levando o nome de homes vinculados ao franquismo. Catorce nomes que non nos representan e que ocupan o espazo que lles corresponde a elas. Non podemos ser cómplices do silencio e da desmemoria: é necesario devolvelas ás rúas polas que tamén elas camiñaron. Rosalía de Castro, Xoana de Vega, María Pita, María Barbeito ou Emilia Pardo Bazán xa están. Pero aínda esperan

María Miramontes, Mercedes Núñez, Maruxa Seoane, Syra Alonso, Mercedes Romero. Mulleres que viviron nesta cidade, que a fixeron máis grande e que merecen que a cidade as nome. E mais tamén poderían ter rúa As chambonas ou As lavandeiras, esas mulleres traballadoras que amosaron valor e dignidade co seu labor, que mostraron fortes lazos de compañerismo e fortaleza, e que representan colectivos de mulleres.

Estamos no momento de saldar esa débeda. De rescatar do esquecemento unha páxina da nosa historia que sempre estivo aí, agardando que a leramos.

A Coruña das Mulleres: o arquivo dixital que devolve a voz á cidade silenciada

A **Agrupación Cultural Alexandre Bóveda** leva cinco anos construíndo un proxecto que vai máis alá do repositorio: podcasts, roteiros descargables e recursos para as aulas que permiten camiñar a historia das mulleres pola cidade.

Hai moitas formas de borrar a alguén da historia. A máis eficaz é simplemente non nomealas. Durante séculos, a memoria oficial da Coruña fixo exactamente iso coas mulleres que a sostiveron: as que traballaron nas fábricas e nos lavadoiros, as que se levantaron contra a fame, as que ensinaron xeración tras xeración e as que resistiron. A Agrupación Cultural Alexandre Bóveda (ACAB),

fundada en 1976 para a defensa da lingua e cultura galegas, decidiu hai cinco anos pórle remedio. Nació así acorunhadasmulleres.gal, un proxecto colectivo para construír un arquivo documental, gráfico e audiovisual sobre a memoria feminina da cidade. Mais A Coruña das Mulleres non é só un arquivo. É, sobre todo, unha ferramenta viva que calquera pode usar.

UN REPOSITORIO PARA DAR VISIBILIDADE

O corazón da web é o seu directorio biográfico, con 119 entradas organizadas en catro grupos: Pioneiras, Represaliadas, Traballadoras e Colectivos. Este último é quizais o máis orixinal do proxecto: non recolle individualidades senón historias de grupos. As cigarreiras da Palloza, as chambonas, as Mulleres Muro, as protagonistas das revoltas do millo de 1847 ou do motín de consumos de 1886: mulleres que raramente teñen nome propio nos libros de historia pero que como colectivo teñen unha forza enorme. O modelo inspirador foi a

plataforma pontevedresa Do gris ao violeta, referente galego deste tipo de proxectos de memoria feminina colectiva.

A web non queda no texto. A sección Sons d'Elas recupera e restaura fotografías históricas ás que asocia audio e información biográfica, construíndo un espazo onde as imaxes falan. Complementa este esforzo audiovisual unha serie de 13 podcasts producidos con Cuac FM, con episodios sobre as lavandeiras, as irmandiñas, as mestras republicanas ou as galegas en Cuba, para que a memoria poida escoitarse en calquera momento e lugar.

“ 119 entradas: Pioneiras, represaliadas, traballadoras e colectivos ”

Saber, descargar e camiñar

Onde A Coruña das Mulleres vai máis alá dun repositorio é no seu compromiso coa utilidade práctica.

Os roteiros documentados, cos seus libros en PDF de descarga libre, permiten percorrer a cidade seguindo a pegada das mulleres que a construíron, sen necesidade de guía nin mediación. Non se trata só de ler: trátase de saír á rúa e camiñar sobre a memoria. Dous roteiros están xa dispoñibles con materiais completos para ser percorridos en solitario, en familia ou en grupo escolar.

O subproxecto “Donas da súa vida” vai dirixido ao público infantil e xuvenil: fanzines descargables sobre oficios históricos, roteiros educativos para os centros de ensino, un xogo de trivial e vídeos en TikTok e Instagram protagonizados por mozas e mozos que descubren a historia da súa cidade. A aposta é clara: a memoria

histórica non como obrigación escolar, senón como descubrimento propio e ferramenta de identidade.

Pecha o proxecto a colección de trípticos Muller(es) de Palabra, deseñada para rescatar do esquecemento a mulleres de pensamento e acción que a historia oficial ignorou. Cada tríptico, descargable en PDF, ofrece unha ficha biográfica de figuras como María Casares, María Barbeito, Elvira Bao, Mercedes Romero ou Rita Amparo López Jean. Son documentos pensados para circular e para chegar a quen non adoita buscar nun arquivo en liña: para ser deixados enriba dunha mesa ou repartidos nunha actividade cultural. Pequenos actos de memoria que se poden tocar.



Crónicas RTVE

O CÁRCERE MORAL DO RÉXIME: a impunidade do Patronato de Protección a la Mujer

A institución encerrou sen xuízo a miles de galegas por desafiar a moral imposta.

A CORUÑA.

Non facía falla cometer un delito para perder a liberdade. Durante décadas, o Patronato de Protección a la Mujer actuou como unha temible maquinaria estatal para castigar a mozas rebeldes, nais solteiras, disidentes ou vítimas de abusos que rompían cos estritos moldes do nacionalcatolicismo. A maior atrocidade deste sistema non foron só as celas de illamento, o roubo de bebés ou o traballo forzado, senón a súa insultante lonxevidade: a institución operou ata 1985, unha década despois da morte do ditador. En plena

Transición, as mozas seguían a ser encerradas por un organismo que ignoraba os dereitos básicos e actuaba de costas á nova realidade democrática do país.

Para estender esta rede de castigo, o Estado delegou a xestión do control moral nas ordes relixiosas. Na Coruña, congregacións como as Adoratrices encargáronse de rexer estes lúgubres reformatorios, onde se buscaba anular a identidade das internas. Esta alianza transformou toda a xeografía galega nun inmenso “convento de clausura”, un sistema sen garantías e co silencio da sociedade. Hoxe, as vítimas e asociacións esixen rachar o muro de esquecemento que aínda protexe aos responsables desta represión.



Colabora:



Organiza:

